

A GALIÑA TINTADA

Manuel Herminio Iglesias

Pero, será creíble que todo o que fixo o bipatito estivera mal de remate e había que esnaquizalo?. A verdade é que eu non o entendo e supoño que moitísimos cidadáns estarán coa boca aberta vendo tanto despropósito. Se foi o tema do concurso eólico resultou ser unha chapuza e ademais ilegal segundo os de Feijoo. Claro, agora o reparto dos megavátios queda a discrecionalidade de quen goberna e, polo tanto, sen concurso público nin participación da Xunta, que é igual que decir, sin recaer beneficio algún para os galegos. Este negocio presentase moi lucrativo e hai que aproveitalo ben. Se foi o tema dos libros para o ensino, como eran prestados non valían, e agora hai que tiralos. Perfecto, ¡Viva o aforro! Se foron as galescolas, ou escolas infantís, resulta que o anagrama da casiña cunha bandeira politizaba aos cativos. Menuda mentira. E agora nace unha galiña tintada con un custo determinado, ao que hai que sumarlle o dos equipamentos. Do banco de terras nada se sabe, morrerá no esquecemento. Se foi o dos coches que eles mercaron hai que mal vendelos, ben regalalos. Se falamos da rede de centros de día, supoño que estarán pensando en privatizalos, como de costume. Se é a sanidade restrínxese servizos que logo irán, por aquilo de liberalizar algo fundamental, parar ás privadas. No tocante ao idioma xa nin quero falar, pois corren malos tempos e triste futuro para a lingua de Rosalía. O camiño marcado por estes gobernantes que se din defensores do patrimonio colectivo que herdamos dos nosos ancestros é nefasto e perigoso. Pois o día que perdamos o emblema do idioma que nos une e distingue seremos unha rexión máis dun Estado que, no fondo, samente quere seguir facéndonos ver que somos dependentes das súas determinacións económicas. E eso lévamos a vivir sempre baixo decisións políticas case todas perxudiciais para esta terra. En fin, desto habería moito que falar. Pero seguindo o fío argumental do inicio, como todo estaba moi mal feito chegou quen chegou para derrubalo e impedir que o noso autogoberno mellore, ou se un quere, equipararse co das rexións que samente aspiran a ter unha descentralización administrativa.

Pero, de toda esta desfeita, en tan só uns meses, o que máis me chama a atención é o da galiña pintada de azul. Que maneira de tirar cos cartos e de manipular a realidade. Por eso lembro do conto da Carapuchiña Vermella. Supoño que os lectores lembran cando o lobo se quería camuflar e se enfariñou todo para zamparse á velliña. Claro, a velliña ben podía, se esta vella nai a que nós lle chamamos: a nosa terra; sí, esa persoa que paseniñamente camiña cara o pelotón das autonomías de segunda. O gloton e carnívoro animal, despois de zamparse á vella quería tamén comer á mociña nova, ou sexa a Carapuchiña, ou se se quere a Galiza emerxente. A esa que nace con certos aires de renovación, que fuxe do independentismo, e que ten ansias de facerse valer diante do poder central, sen arrogancia nin a sumisión destes novos salvadores dependentes de Génova e a visión que de nós teñen dende alí.

En fin, que o da Galiña tintada, asemella ao tinte galeguista que din ter os novos salvadores da Galiza universal que proclamaba Castelao. Os que, no fondo, samente expresan o seu amor pola terra cantando, ao calor do viño, a Rianxeira ou o Miudiño.

Pero no cerne da cuestión agochan a verdadeira cara por medo a perder acólitos. Por eso o da galiña tintada, non é nada mais ca un disfraz de

camuflaxe galeguista que oculta as verdadeiras intencións de quen nos goberna neste momento. Galiza está, dende marzo, por vontade dos electores, metida nunha encrucillada e, en breve, terá que redefinir o seu futuro dentro desta España plural. Terá que clarificar si quere, ou si queremos ser unha autonomía de primeira, ou samente aspiramos a ter unha descentralización administrativa con anagramas pintados de azul, pero sin contido real; anagramas que só serven para dar o camelo dun galeguismo ficticio e enganoso.